



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](mailto:sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

**ASUNTO:** BASES CERTAME LETRAS GALEGAS 2024 CONCELLO DE ABEGONDO

**EXPEDIENTE:** 2024/X999/000179

### BASES DA CONVOCATORIA

O Concello de Abegondo, co fin de promover as diferentes manifestacións culturais e fomentar o cultivo destas entre a poboación do municipio, potenciar o uso da lingua galega e promover a literatura galega, así como conmemorar o Día das Letras Galegas e a figura da autora homenaxeada, Luísa Villalta. Con esta finalidade, convoca o Certame Letras Galegas 2024 Concello de Abegondo. Rexeráse polas seguintes bases:

#### 1. CATEGORÍAS E PREMIOS

O Certame Letras Galegas 2024 Concello de Abegondo establece as seguintes categorías e premios:

##### Infantil

- 1.º, 2.º e 3.º premio de Debuxo e Pintura

Os premios na categoría infantil consistirán en lotes de libros en lingua galega e un estoxo de pinturas.

##### Primaria

- 1.º e 2.º premio de Narrativa
- 1.º e 2.º Premio de Poesía

Os primeiros premios na categoría primaria consistirán nun lote de libros en lingua galega e un reloxo intelixente.

Os segundos premios na categoría primaria consistirán nun lote de libros en lingua galega e uns auriculares sen fíos.

##### Secundaria e menores de 18 anos

- 1.º e 2.º premio de Narrativa
- 1.º e 2.º Premio de Poesía

Os primeiros premios na categoría secundaria consistirán nun teléfono móbil.

Os segundos premios na categoría secundaria consistirán nun libro electrónico.

##### Adultos

- 1.º premio de Narrativa
- 1.º premio de Poesía

Os premios na categoría adultos consistirán nun premio económico de 180 €.

##### Premios aos mellores lectores do ano

- Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca do CEIP San Marcos
- Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca do IES de Viós
- Premio ao mellor lector do ano da Biblioteca Pública Municipal de Abegondo





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](mailto:sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Os premios ao mellor lector consistirán nun lote de libros en galego e un reloxo intelixente.

## 2. PARTICIPANTES

Atendendo ás diferentes categorías os participantes serán:

Infantil: alumnado que curse estudos de infantil.

Primaria: alumnado que curse estudos de primaria.

Secundaria e menores de 18 anos: alumnado que curse estudos de secundaria e participantes menores de 18 anos.

Adultos: 18 anos ou máis.

Na categoría mellores lectores os participantes non deberán presentar ningún traballo, posto que estes premios serán propostos polos centros educativos correspondentes (CEIP San Marcos e IES de Víos) entre o seu alumnado e pola Biblioteca Pública Municipal de Abegondo, entre as socias e socios da Biblioteca.

As persoas premiadas non poderán estar incursoas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nin en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 3. TRABALLOS

Os traballos deberán ser orixinais e inéditos. A lingua utilizada nas narracións e poesías deberá ser o galego. Nos debuxos e pinturas, no caso de levar algún texto, este deberá estar redactado en lingua galega.

Na categoría secundaria e menores de 18 anos, co fin de fomentar a participación da mocidade, os traballos de narración e poesía poderán ser en formato escrito, en formato audio e en formato vídeo.

Os traballos serán remitidos ao Servizo de Normalización Lingüística ou ao departamento de Cultura do Concello de Abegondo. Poderán ser entregados persoalmente na Casa do Concello, na Biblioteca e na Aula Lúdica, así como por correo postal no enderezo San Marcos, 1 – 15318 Abegondo. Poderán ser presentados a través da sede electrónica ou por correo electrónico no enderezo [cultura@abegondo.gal](mailto:cultura@abegondo.gal), sempre que o formato do traballo presentado así o permita e isto non impida a correcta valoración da súa calidade artística.

Todos os participantes indicarán xunto co traballo o seu nome e apelidos, domicilio, idade e teléfono de contacto. Nas categorías infantil, primaria e secundaria indicarán ademais os estudos que cursan e o centro de estudos. Na categoría adultos os participantes entregarán tamén unha copia do DNI e no caso de resultar premiados indicaráselles a documentación que deberán presentar para recibir o importe económico.

## 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar os traballos comezará desde a data de publicación das presentes bases ata o día 31 de maio de 2024, ambos incluídos.

## 5. ENTREGA DE PREMIOS

Os premios serán entregados no lugar e data que determine o Concello de Abegondo.

## 6. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Existe dispoñibilidade orzamentaria para os premios do Certame Letras Galegas 2024 Concello de





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Abegondo.

## 7. XURADO

O xurado será designado polo alcalde do Concello de Abegondo mediante resolución. Buscarase a paridade do xurado.

Será valorada a orixinalidade e a creatividade das obras presentadas, así como a calidade literaria e lingüística, a posta en valor do galego, a promoción da lingua que se transmita nos traballos e a posta en valor da figura da autora homenaxeada, Luísa Villalta.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios, no caso de non considerar suficiente a calidade dalgunha das obras. Así mesmo, o xurado poderá conceder algún accésit, se así o considera, sempre e cando non supoña un incremento no importe total dos premios.

Os premios aos mellores lectores do ano serán propostos polos centros educativos correspondentes (CEIP San Marcos e IES de Viós) e pola Biblioteca Pública Municipal de Abegondo, atendendo ao hábito lector das persoas propostas para o premio.

Os membros do xurado deberán formalizar unha acta coas valoracións na que se propoña a concesión dos premios.

O xurado estará facultado para interpretar estas bases e resolver as dúbidas e cuestións que xurdan no concurso.

## 8. DEREITOS

O Concello de Abegondo pasará a ter todos os dereitos sobre os traballos presentados e estes poderán ser editados, impresos e publicados, así como difundidos na páxina web do Concello, redes sociais e outras canles audiovisuais da Internet.

## 9. ACEPTACIÓN BASES

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

## 10. PUBLICACIÓN DAS BASES

Unha vez aprobadas as bases do Certame Letras Galegas 2024 Concello de Abegondo, estas estarán publicadas na sede electrónica do Concello de Abegondo, na páxina web do Concello de Abegondo, no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e na Base Nacional de Subvencións.

Abegondo, 3 de maio de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [ <https://sede.abegondo.gal> ] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei





CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

